

POSICIONAMENTO DOS ESTUDANTES NO COFLICTO DA DOCENCIA DE MEDICINA

Con este comunicado queremos dar voz ós estudantes, os verdadeiros afectados do conflito pola docencia en Medicina, e facer partícipe á sociedade da nosa visión do problema.

Debido ó **indiscriminado aumento de prazas a custo cero na nosa titulación** que levou á **masificación de aulas, laboratorios e do propio Hospital Clínico de Santiago**, todas as partes implicadas na ensinanza da medicina **entendemos a necesidade e conveniencia da descentralización da docencia a outros centros hospitalarios**, aproveitando os recursos sanitarios existentes en Galicia para mellorar a formación dos futuros médicos, pois os estudantes somos conscientes de que noutros complexos hospitalarios imos estar ben tratados e ben formados.

O problema xurdiu cando o pasado curso se formulou a implantación dun sistema de descentralización sustentado sobre uns cimentos legais moi febles, incompleto e cheo de eivas e imperfeccións polas que os estudantes protestamos enerxicamente e que actualmente moitos compañeiros están a padecer.

Dende entón non se volveu falar de nós.

A Xunta de Galicia e as Universidades comezaron a continuación unha **guerra insensata polo control da formación médica en Galicia** motivada unicamente por **intereses localistas, políticos e económicos** pero esquecéndose completamente de que o verdadeiro obxecto da descentralización é a mellora da nosa formación.

A “paz” asinada recentemente polos reitores das universidades da Coruña, Santiago e Vigo e os conselleiros de Educación e Sanidade non fixo máis que agravar o conflito.

A solución proposta neste acordo de base non é mais que a rendición dun reitor case en funcións que cede á presión dunha conselleira en favor dunha universidade e dun concello con aspiracións egoístas.

Os estudantes **rexeitamos totalmente calquera tipo de motivacións localistas, veñan de onde veñan, de Santiago ou da Coruña, e opoñémonos á implantación dun sistema de descentralización incoherente baseado en elementos ilegais e sen dispoñer dos recursos necesarios**.

Non nos opoñemos á docencia fóra de Santiago e cremos que a descentralización da docencia teórica acompañando á práctica é tamén necesaria, pero **non estamos dispostos a ser moeda de troco nin experimento de ningunha universidade**.

Queremos recordar a todas as partes que **os hospitais non son propiedade de ningunha universidade nin concello, senon do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e este non pertence ó conselleiro/a que ostente o cargo, senon ós galegos**, polo que deben estar ó servizo de todos os galegos, sendo compatible neles a docencia das distintas universidades de Galicia segundo sexa necesario e se acorde cos convenios pertinentes.

Tamén **pedimos á Universidade da Coruña que se está interesada en impartir a titulación de Medicina siga as vías e prazos legais dispostos para tal fin** e non pretenda “comezar a casa polo tellado”.

Por último, **pedimos á Xunta de Galicia, e en especial ás consellarías de Sanidade e Educación, que velen polo cumprimento da lei e polos intereses de todos os galegos**, especialmente en algo tan importante como o futuro da sanidade.

Os estudantes de Medicina